

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE MAIO DE 2016**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	7
5.1.	Temperatura media das máximas.	10
5.2.	Temperatura media das mínimas.	11
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	12
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2016.....	16
6	PRECIPITACIÓN	17
6.1.	Precipitación acumulada mensual Maio 2016.....	17
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	18
6.3.	Días de chuvia en maio de 2016	19
6.4.	Evolución da precipitación en maio de 2016	21
7	VENTO	22
8	RADIACIÓN SOLAR	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	27
9	RAIOS.....	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 10-06-2016



Mes chuvioso con temperaturas en xeral na normalidade.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de maio caracterizouse en xeral pola variabilidade entre períodos anticiclónicos máis estables e a chegada de borrascas bastante profundas e próximas a Galicia para esta época do ano, as cales deixaron cantidades considerables de precipitación. Isto explica que o mes non presente grandes anomalías en canto a temperaturas, cunha lixeira tendencia a máis frío nalgúns lugares concretos, pero si que o poidamos considerar húmido en xeral.

Os primeiros 4 días do mes foron anticiclónicos e o tempo en xeral seco e soleado, con elevadas temperaturas, especialmente os días 3 e 4, cando os termómetros superaban os 30°C en moitos puntos do interior.

Estes rexistros anticiclónicos cambiaron a partir do día 5 coa entrada de aire frío en altura que trouxo inestabilidade e, polo tanto, baixada notable de temperatura, aumento de nubes e algunhas chuvias non moi cuantiosas nin moi xeneralizadas. Estas chuvias si foron algo máis xeneralizadas na xornada do 6.

O día 7 unha borrasca bastante profunda situouse preto de Galicia, quedando desconectada da circulación xeral, moi estacionaria e afectando á Comunidade durante 7 xornadas consecutivas, entre o propio día 7 e o 13. Nese período as chuvias foron xeneralizadas, nalgúns momentos de bastante intensidade e as temperaturas baixas para a época do ano, acadándose máximas en xeral por debaixo dos 20°C na práctica totalidade do territorio neses 7 días.

Unha vez que estas baixas presións desapareceron, comezamos un novo período anticiclónico que se estendeu entre o día 14, que podemos considerar aínda como unha xornada de transición, e o 20. Este anticiclón, a diferenza do sucedido nos primeiros días do mes, non achegou aire cálido, posto que o vento predominante foi de compoñente norte e por ende as temperaturas non foron elevadas.

Soamente nas xornadas do 16 e 17 se viron termómetros superando os 25°C en puntos illados do interior e os 20°C de xeito algo máis xeneralizado. Estas temperaturas elevadas no interior propiciaron a aparición de nubes de evolución e algún chubasco tormentoso na xornada do 17.

Os derradeiros 10 días do mes caracterizáronse polos cambios constantes nas situacións meteorolóxicas. Así, nos días 21 e 22 un centro de baixas presións localizado ao norte das



illas Británicas deixaba nubes, algunhas chuvias e un considerable descenso das temperaturas.

Sen embargo, o día 23 as altas presións aportaban estabilidade, propiciando unha tarde de sol e elevadas temperaturas para volver a rexistrarse chuvias e descenso térmico o día 24 por mor da chegada dunha nova borrasca a Galicia. Estes efectos estendéronse tamén á xornada do 25, un día ademais de chuvioso particularmente frío para a época do ano.

O 26 de novo a estabilidade, os ceos alternando nubes e claros e as boas temperaturas foron protagonistas, cedéndolle o paso a un novo centro de baixas presións ao día seguinte.

Entre o 27 e o 29 esta borrasca localizábase ao oeste da península Ibérica achegando inestabilidade e deixando chuvia que foi máis persistente na xornada do 28 e algo máis intermitente o 27 e o 29.

O día 30 foi de transición e o mes rematou o 31 coa chegada de altas presións que deixaron sol e temperaturas en ascenso en toda a Comunidade.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalía de presión no mes de Maio tanto en superficie (Figura 1) como en altura, a 500 hPa (Figura 2), pódese ver a anomalía negativa no Atlántico entre Azores e a Península Ibérica, máis marcada en superficie. Isto quere dicir que as zonas de aire frío foron máis frecuentes do habitual, polo que alimentaron borrascas que explican a presenza das chuvias en exceso que tivemos durante este mes. Sen embargo, dende esa posición as borrascas non envían aire frío polo que as temperaturas durante o mes non foron baixas para a época do ano.



Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Maio 2016




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Maio 2016




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña-Torre de Hércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, de MeteoGalicia).

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	MAIO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.1	15.0	17.0 (1989)	12.1 (1984)
Tª mínima media	12.4	11.9	13.8 (1989)	9.1 (1951)
Tª mínima absoluta	7.6 (día 1)	3.6 (03/05/1967)		
Tª mínima máis alta	14.6 (día 24)	20.2 (17/05/1992)		
Tª máxima media	17.8	18.0	20.2 (1989)	14.4 (1984)
Tª máxima absoluta	22.4 (día 27)	34.0 (11/05/1965)		
Tª máxima máis baixa	13.9 (día 14)	10.0 (01/05/2008)		
Precipitación acumulada	74	62-82	164 (1984)	3 (1994)
Días de chuvia (≥1mm)	13	11	21 (1983)	1 (1944)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas o mes considérase cálido.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Sen embargo, destaca o número de días de chuvia, superior o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2016 Temperatura: 1948-2016



SANTIAGO

	MAIO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.3	14.6	17.9 (1989)	11.5 (1984)
Tª mínima media	9.8	9.8	12.1 (1989)	7.03 (2013)
Tª mínima absoluta	4.7 (día 1)	1.8 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	13.3 (día 5)	18.0 (16/05/1992)		
Tª máxima media	18.8	19.4	23.6 (1989)	15.7 (1984)
Tª máxima absoluta	29.5 (día 4)	34.9 (29/05/2001)		
Tª máxima máis baixa	12.7 (día 13)	11.0 (05/05/1985)		
Precipitación acumulada	176	110-139	287 (1994)	4 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	18	12	23 (1993)	2(1987)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que para as máximas o mes resultou frío para esta época do ano.

A precipitación acumulada foi moi superior ao rango de valores normais para esta variable, polo que o mes considérase húmido. Destaca tamén o elevado número de días de chuvia, que superou en 6 días o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2016. Temperatura: 1982-2016

LUGO

	MAIO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.6	13.4	16.1 (1989)	9.6 (1984)
Tª mínima media	8.1	8.0	10.1 (1999)	5.7 (1987)
Tª mínima absoluta	-0.1 (día 1)	-2.0 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	11.7 (día 6)	16.0 (12/05/1999)		
Tª máxima media	19.2	18.8	22.8 (1989)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	29.6 (día 4)	34.6 (29/05/2001)		
Tª máxima máis baixa	13.5 (día 13)	8.0 (09/05/1981)		
Precipitación acumulada	103	59-86	193 (1997)	10.6 (2006)
Días de chuvia (≥1mm)	15	12	21 (1983)	3 (1987)

Comentario: Mes normal en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación acumulada neste mes, superou o rango de valores normais para esta variable, considerándose o mes húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superior o valore climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MAIO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.8	15.4	18.5 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	11.1	10.2	12.4 (2011)	7.3 (1984)
Tª mínima absoluta	5.2 (día 1)	0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	14.5 (día 5)	19.0 (17/05/1964)		
Tª máxima media	20.4	20.6	24.5 (2011)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	29.5 (día 4)	35.0 (27/05/2006)		
Tª máxima máis baixa	14.4 (día 13)	10.3 (04/05/1973)		
Precipitación acumulada	163	97-128	331 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	17	12	23 (1997)	3 (1991)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas mínimas é medias, mentres que para as mínimas o mes considérase moi cálido.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, considerándose o mes moi húmido. Isto tamén se observa no número de días de chuvia, moi superior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2016

OURENSE

	MAIO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.0	16.2	19.2 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	9.4	9.5	11.5 (2011)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	1.6 (día 1)	-0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	13.4 (día 5)	16.6 (29/05/2001)		
Tª máxima media	22.6	22.9	27.0 (2011)	17.3 (1984)
Tª máxima absoluta	33.6 (día 4)	37.4 (29/05/2001)		
Tª máxima máis baixa	15.1 (día 13)	11.6 (01/05/1984)		
Precipitación acumulada	104	49-64	139 (2008)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	15	10	18 (2008)	0 (1976)

Comentario: Mes frío tanto nas temperaturas máximas como nas medias, mentres que para as mínimas o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido. Isto reflíctese no número de días de chuvia moi superior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2016. Temperatura: 1972-2016



5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron bastante preto das normais nun mes de maio. Isto é debido a que o primeiro período anticiclónico foi bastante cálido e, aínda que os valores diúrnos a partir dese día estiveron algo por debaixo do agardado, a presenza de nubes deixou valores nocturnos moi suaves en xeral.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de maio de 2016.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de maio para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 17.7 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta montaña ourensá, con valores por debaixo dos 10 °C e os valores máis altos (preto dos 23 °C) rexistráronse, principalmente no curso do Río Miño, nesta mesma provincia.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de maio para o territorio galego foi de 8.1 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na alta montaña ourensá e na comarca de A Limia, por debaixo dos 2 °C e os máis altos nas Rías Baixas, principalmente na Ría de Vigo, onde se acadaron valores de case 13 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de maio de 2016.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de maio, tendo en conta a media dos valores do mapa, estivo dentro dos valores normais. Como se pode ver no mapa da figura 3, houbo un gran contraste entre o sur da Comunidade e as zonas máis occidentais da provincia de A Coruña, con valores próximos aos $-1.3\text{ }^{\circ}\text{C}$ con respecto ao valor normal do período 1981-2010. As anomalías máis altas, sen embargo rexistráronse no norte da Comunidade, afectando principalmente á Mariña Luguesa, onde se acadaron anomalías positivas de ata $2.2\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de maio respecto al período 1981-2010.



A táboa 1 mostra as anomalías máis altas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. Como se pode ver, as anomalías máis elevadas, déronse principalmente nas localidades da Mariña Luguesa..

Anomalías máis altas de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Negueira de Muñiz	Lugo	0.9
Betanzos	A Coruña	0.9
Mondoñedo	Lugo	0.8
Cariño	A Coruña	0.8
Vilaboa	Pontevedra	0.8
Burela	Lugo	0.8
Ourol	Lugo	0.8
Bergondo	A Coruña	0.8
Valadouro (O)	Lugo	0.8
Xove	Lugo	0.7

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de maio de 2016.

Anomalías máis baixas de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Esgos	Ourense	-1.3
Xunqueira de Espadanedo	Ourense	-1.0
Gudiña (A)	Ourense	-0.9
Nogueira de Ramuín	Ourense	-0.8
Mezquita (A)	Ourense	-0.8
Paderne de Allariz	Ourense	-0.7
San Cristovo de Cea	Ourense	-0.7
Pontevedra	Pontevedra	-0.7
Maceda	Ourense	-0.7
Carnota	A Coruña	-0.6

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de maio de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. O sur da Comunidade, e principalmente a provincia de Ourense presentou os valores de anomalías máis baixos.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 4 de maio, resultou a máis calorosa en ámbalas dúas altitudes, aínda que tamén destaca o día 20 en altitudes altas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/05/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	35.0
04/05/2016	Remuíño	Arnoia	Ourense	34.7
04/05/2016	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	33.9
04/05/2016	Ourense	Ourense	Ourense	33.6
04/05/2016	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	33.2
04/05/2016	Prado	Castrelo de Miño	Ourense	32.5
04/05/2016	Areas	Tui	Pontevedra	31.7
04/05/2016	Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	31.6
04/05/2016	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	31.5
04/05/2016	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	31.4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2016 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/05/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	25.0
20/05/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	24.8
04/05/2016	Xurés	Muiños	Ourense	24.8
04/05/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	24.6
20/05/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	24.0
04/05/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	22.9
04/05/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	22.9
04/05/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	22.8
04/05/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	22.0
04/05/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	21.6

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2016 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A primeira xornada do mes de maio foi a máis fría, con temperaturas baixo cero en moitas localidades galegas.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/05/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	-1.9
01/05/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-1.8
11/05/2016	Xares	A Veiga	Ourense	-1.6
01/05/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-1.2
11/05/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-1.1
23/05/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-0.3
12/05/2016	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	-0.3
01/05/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	0.1
23/05/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	0.7
01/05/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	0.8

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2016 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/05/2016	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-3.4
01/05/2016	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-2.4
01/05/2016	Baltar	Baltar	Ourense	-2.1
01/05/2016	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	-1.6
01/05/2016	Morelle	Sarria	Lugo	-1.4
01/05/2016	Portomarín	Portomarín	Lugo	-1.1
01/05/2016	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-1.1
01/05/2016	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-0.9
01/05/2016	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-0.5
01/05/2016	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	-0.3

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2016 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 14.4 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para maio.

A anomalía media da temperatura para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.2 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Tanto as máximas como as mínimas, presentaron anomalías moi similares, dentro da normalidade.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en maio, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumuladas neste mes estiveron por riba da media climática, tanto en cantidade de chuvia acumulada como en número de días de chuvia. Esta anomalía quedou bastante marcada polo período entre os días 7 e 14 cunha prolongada presenza dun activo centro de baixas presións que deixaba significativas cantidades de chuvia que se viron incrementadas na segunda metade do mes coa chegada intermitente doutras borrascas.

A chuvia media no mes de maio obtida a partir dos valores do mapa foi de 142 L/m². Os lugares máis afectados pola precipitación, ademais do oeste da Comunidade, foron a Comarca de Ferrol, o sur da provincia de Ourense e a alta montaña luguesa. Os valores máis altos de precipitación mensual correspóndense as Comarcas de Pontevedra e O Condado, con valores de ata 278 L/m². Os valores máis baixos acadáronse na Mariña Luguesa, con valores de ata 51 L/m², correspondéndose tamén ca zona máis cálida neste mes de maio..

6.1. Precipitación acumulada mensual Maio 2016




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de maio de 2016.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de maio con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse na Baixa Limia con valores de 181% por riba do normal. Isto contrasta ca zona da Mariña na que chove ata un 27 % menos do normal. No conxunto da Comunidade o mes considérase moi húmido.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de maio de 2016.



6.3. Días de chuvia en maio de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 15.7. Os valores máximos obtivéronse principalmente en Terra de Soneira, a Dorsal Galega e nos Ancares, acadándose 19 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron na Mariña Luguesa Oriental e na comarca de A Coruña con 9 días de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de maio de 2016.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de maio. As xornadas do 7 e o 27 e 28, recolléronse as cantidades máis importantes de precipitación. Os valores mensuais de precipitación máxima mostran cómo o sur da Comunidade foi o máis chuvioso.

Precipitacións acumuladas máximas en maio de 2016			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	274
Pereira	Forcarei	Pontevedra	246
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	238
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	237
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	236
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	228
Louredo	Mos	Pontevedra	225
Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra	211
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	209
Entrimo	Entrimo	Ourense	203

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de maio de 2016.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Manzaneda	Manzaneda	Ourense	76	07/05/2016 12:30
Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra	69	28/05/2016 0:40
Costa	Rois	A Coruña	58	27/05/2016 20:10
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	54	05/05/2016 19:30
Louredo	Mos	Pontevedra	51	27/05/2016 17:20
Caldas	Caldas de Reis	Pontevedra	51	28/05/2016 0:10
PCaldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	51	28/05/2016 1:10
Baltar	Baltar	Ourense	49	07/05/2016 10:20
SSL	Santiago de Compostela	A Coruña	48	27/05/2016 19:20
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	48	28/05/2016 0:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de maio de 2016.



6.4. Evolución da precipitación en maio de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 142 L/m².




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2016 para maio.

A anomalía media das precipitacións para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 51 % por enriba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi húmido. O ano precedente máis húmido foi o ano 2008.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en maio, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de maio. Só se superou este limiar na estación de Manzaneda na xornada do día 7.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en maio				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
07/05/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	104.3

Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en maio de 2016.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	86.7	S	9	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # Lira-A # 05/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Lira-A # 05/2016</p>
		Día 8				
Pta. Candieira	Cedeira	78.1	NE	9	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # PCandiera-A3 # 05/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # PCandiera-A3 # 05/2016</p>
		Día 21				
Malpica	Malpica	58.5	NO	6	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # Malpica-A2 # 05/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Malpica-A2 # 05/2016</p>
		Día 8				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	58.8	NO	7	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Marco da Curra-A3 # 05/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Marco da Curra-A3 # 05/2</p>
		Día 8				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Maio de 2016 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	52.8	E	8	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Burela-A4 # 05/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Burela-A4 # 05/2016</p>
		Día 22				
Ancares	Cervantes	85.5	S	8	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Ancares-A1 # 05/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Ancares-A1 # 05/2016</p>
		Día 9				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Maio de 2016 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	70.7	SO	7		
		Día 9				
Rodicio	Maceda	90.9	S	12		
		Día 7				
Gandarela	Celanova	56.6	NO	33		
		Día 10				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Maio de 2016 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	67.7	S	11		
		Día 7				




PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	78.1	NO	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Ons-A4 # 05/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Ons-A4 # 05/2016</p>
		Día 8				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Maio de 2016 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual



1550 1713 1876 2040

Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Maio de 2016.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 999 raios en Galicia. A provincia que rexistrou un maior número de raios foi Lugo, seguida moi de preto por A Coruña. Na figura 15 móstrase a distribución por día dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en maio de 2016.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en maio 2016.



Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en maio en Galicia dende o ano 2010 ao 2016.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en maio dende 2010 a 2016.

MeteoGalicia
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente e ordenación do Territorio
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 5

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Coruña-Torre de Hérculo	14.9	17.8	22.4	27	12.4	7.6	1	74	17.1	28	-	76	87	62	-	-	-	-	-	-	-	-	--	-	18	0	
A Gándara	11.8	15.5	25.3	4	9.1	5.1	1	146	21.7	21	58	85	95	67	41	185	1750	21	89	8	967	20	0	0	0		
Aldea Nova	13.2	17.1	25.7	4	10.2	5.5	1	194	29.4	30	99	80	94	62	39	174	1627	9	60	3	983	19	0	0	0		
Arzúa	13.0	18.4	29.6	4	8.2	1.9	1	142	22.4	28	41	80	96	56	41	182	1720	8	45	8	972	20	0	0	0		
Camariñas	14.3	16.3	21.8	4	12.0	7.7	1	115	26.8	21	-10	78	87	65	47	212	1988	18	81	8	1014	17	0	0	0		
Cariño	14.3	16.7	19.4	21	11.8	6.8	1	119	23.6	10	18	85	96	71	41	185	1790	13	65	22	1014	18	0	0	0		
Cespón	15.4	20.6	30.4	4	10.9	7.7	1	153	33.8	21	42	78	95	57	44	196	1785	8	57	8	1010	18	0	0	0		
CIS Ferrol	14.7	19.5	28.9	4	10.8	4.6	1	167	26.2	21	61	82	98	62	45	204	1827	10	56	9	1011	19	0	0	0		
Corrubedo	15.2	19.0	26.8	4	12.0	8.7	1	104	23.5	21	-13	79	92	63	49	219	1986	12	65	8	1011	16	0	0	0		
Coruña-Dique	14.3	16.8	22.2	4	11.6	5.6	1	68	17.4	28	--	-	-	-	-	-	-	16	66	7	1014	17	0	0	0		
*Costa	14.1	19.6	30.3	4	9.6	5.2	1	183	57.6	28	-	84	98	63	-	-	-	3	40	27	995	16	0	0	0		
*Coto Muiño	12.8	18.0	29.5	4	8.4	1.9	2	131	37.1	28	-	85	98	63	-	-	-	5	50	8	-	19	0	0	0		
Fontecada	12.4	17.1	28.1	4	8.7	2.6	1	197	35.0	28	103	82	94	60	39	177	1666	11	65	8	972	20	0	0	0		
*Guísamo	14.2	18.9	28.4	4	10.5	4.1	1	129	28.9	9	-	74	88	55	-	-	-	4	26	2	994	18	0	0	0		
*Lesende	14.1	18.6	27.2	3	10.3	6.0	1	164	32.5	28	59	75	87	56	39	175	1697	5	44	8	994	18	0	0	0		
Lira	14.1	17.4	25.6	3	11.5	6.9	1	105	22.4	21	0	82	93	68	47	212	1887	19	87	8	-	19	0	0	0		
Mabegondo	14.3	20.4	30.2	4	8.7	-0.2	1	126	24.2	9	20	82	97	60	43	195	1799	7	49	9	1004	20	1	0	0		
Malpica	13.2	16.7	24.0	4	10.6	8.0	1	98	21.2	21	4	85	95	69	48	216	1878	18	59	22	996	19	0	0	0		
Marco da Curra	11.1	15.5	25.7	4	7.8	3.5	1	115	20.8	21	28	84	98	62	39	173	1631	15	59	8	940	20	0	0	0		
Melide	12.6	18.7	29.4	4	7.7	3.4	1	125	21.8	28	22	81	97	57	40	180	1746	8	49	8	960	20	0	0	0		
Muralla	11.2	15.2	26.1	4	8.2	2.5	1	203	39.9	21	127	87	97	69	35	157	1463	22	82	8	938	19	0	0	0		
*O Val	14.6	18.9	26.5	4	10.3	2.6	1	176	26.9	21	-	84	98	66	-	-	-	4	41	29	1007	18	0	0	0		
Olas	12.6	17.6	29.0	4	8.6	2.0	1	132	28.9	21	44	85	99	62	40	181	1661	11	61	5	-	19	0	0	0		
*Ordes	13.2	18.5	29.7	4	8.0	1.9	2	145	31.9	21	-	83	98	61	-	-	-	5	48	8	983	18	0	0	0		
*Paramos	12.6	17.3	28.1	4	8.4	3.2	1	200	46.4	28	-	87	99	67	-	-	-	7	46	8	972	19	0	0	0		
*Pazo de Galegos	14.3	19.4	29.9	4	10.0	4.8	2	149	24.5	28	43	82	97	60	38	171	1679	4	34	3	988	18	0	0	0		
Punta Candieira	13.3	16.1	26.3	4	11.3	8.1	1	99	18.8	21	6	83	95	68	46	209	1847	22	78	21	985	17	0	0	0		
Punta Langosteira	14.3	16.3	20.4	27	12.1	6.7	1	47	18.1	28	-	85	94	72	46	205	1800	15	83	8	1013	14	0	0	0		
Río do Sol	11.3	15.6	26.7	4	8.2	3.4	1	142	27.7	28	60	87	98	67	40	179	1686	19	83	9	952	20	0	0	0		
*Rus	13.8	18.8	29.7	4	8.9	0.7	1	116	23.5	28	-	84	98	62	-	-	-	4	43	5	999	18	0	0	0		
Sálvora	15.1	17.5	24.2	3	13.0	9.4	1	107	21.0	21	-10	82	90	69	54	240	2041	20	82	8	-	17	0	0	0		
Santiago-EOAS	13.8	18.8	29.5	4	9.8	4.7	1	176	31.0	28	76	80	94	58	37	165	1667	8	57	8	985	18	0	0	0		
Santiago-San Lázaro	13.5	18.0	29.2	4	9.7	3.9	1	190	48.0	28	--	79	92	57	39	176	1666	9	49	28	979	18	0	0	0		
Sergude	14.0	19.4	29.5	4	9.5	2.7	1	129	20.0	28	-	82	98	58	34	154	1573	-	-	--	-	17	0	0	0		
Serra da Faladoira	11.2	15.3	23.7	4	8.3	3.0	1	135	25.9	21	51	87	99	66	39	176	1736	17	73	3	948	18	0	0	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 5

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Lugo																											
A Pontenova	12.3	17.3	25.8	4	8.8	2.6	1	107	25.2	30	-	85	98	62	36	164	1559	-	-	--	-	-	--	-	18	0	
Abradelo	11.6	17.3	27.9	4	7.0	0.6	1	160	28.5	6	-	75	94	52	43	195	1824	-	-	--	-	-	--	-	19	0	
Alto de Cerredo	10.3	14.6	23.9	4	6.8	0.8	1	108	20.4	6	--	80	95	60	-	-	-	8	62	8	905	19	0	19	0		
*Alto do Faro	10.6	15.2	25.5	4	6.5	0.2	1	168	26.6	6	-	81	96	58	-	-	-	6	38	29	919	19	0	19	0		
*Alto do Poio	8.5	12.7	21.6	4	5.2	1.4	12	201	28.9	6	-	79	92	58	-	-	-	8	60	10	-	19	0	19	0		
Ancares	8.7	12.9	22.9	4	5.3	1.0	1	171	22.8	6	79	79	93	57	40	180	1720	17	86	9	863	19	0	19	0		
*Borreiros	13.7	18.7	21.8	19	9.1	1.9	1	95	17.8	27	3	82	97	59	35	160	1601	4	40	22	1007	18	0	18	0		
Bóveda	13.3	19.5	30.2	4	8.1	0.2	1	140	31.0	12	34	77	96	51	39	173	1711	6	51	5	965	19	0	19	0		
Burela	11.9	15.3	20.9	5	9.8	5.9	1	69	14.1	21	-19	85	98	66	39	175	1712	12	53	22	966	18	0	18	0		
Campus Lugo	13.1	19.2	29.6	4	8.1	-0.1	1	103	23.6	6	-3	79	98	52	38	172	1774	6	54	8	968	16	1	16	1		
Castro R. de Lea	12.5	18.3	28.9	4	7.7	-1.1	1	101	18.3	28	-	89	100	61	39	175	1712	-	-	--	966	18	1	18	1		
Conchada	12.4	18.1	28.5	4	8.1	1.2	1	152	26.2	12	-	81	97	59	39	172	1750	-	-	--	-	19	0	19	0		
Corno do Boi	10.8	16.0	27.4	4	7.1	1.7	1	158	20.2	6	66	85	100	59	40	179	1727	13	59	8	-	20	0	20	0		
Courel	11.8	17.2	27.4	4	7.2	0.9	1	182	27.2	28	73	73	93	50	40	180	1742	8	79	9	926	18	0	18	0		
*Fontaneira	10.6	15.5	25.0	4	6.8	0.8	1	142	28.9	6	45	81	96	60	40	178	1724	5	39	8	909	19	0	19	0		
Foz	13.5	17.3	20.4	8	9.9	3.0	1	83	17.4	9	-14	83	95	67	41	183	1780	9	47	5	1007	15	0	15	0		
Fragavella	11.3	15.4	24.8	20	7.5	0.9	1	92	13.8	21	5	86	99	61	40	179	1721	13	67	8	946	17	0	17	0		
Guitiriz-Mirador	11.0	15.9	26.8	4	7.7	2.8	1	109	16.8	21	22	83	98	59	35	158	1590	12	49	29	936	18	0	18	0		
*Labrada	11.0	15.2	25.3	4	7.7	2.9	1	140	20.8	30	49	82	97	60	38	171	1715	10	60	8	-	19	0	19	0		
*Lanzós	11.6	17.3	27.5	4	6.1	-0.2	1	121	16.0	28	-	83	98	58	-	-	-	4	38	3	960	20	1	20	1		
*Lourenzá	14.1	19.4	23.6	27	9.4	0.7	1	73	12.2	12	-	82	97	59	-	-	-	5	45	8	-	15	0	15	0		
Marroxo	12.5	17.8	27.3	4	8.5	1.8	1	128	21.8	12	27	78	95	54	36	159	1657	6	54	7	941	18	0	18	0		
*Míllara	14.0	20.5	30.9	4	9.1	1.2	1	105	19.9	6	-	79	99	51	-	-	-	6	56	8	-	16	0	16	0		
*Morelle	13.2	19.7	29.6	4	7.8	-1.4	1	107	20.6	6	5	81	99	53	37	166	1688	4	43	8	966	19	1	19	1		
O Cebreiro	8.5	14.0	24.6	4	4.4	-0.3	23	180	25.5	28	90	83	96	64	38	172	1682	13	54	5	868	19	3	19	3		
O Xipro	11.2	16.6	26.0	4	7.0	0.4	1	107	20.2	12	11	80	98	55	37	165	1700	9	56	28	924	18	0	18	0		
*Olveda	11.8	17.6	28.4	4	6.9	0.3	1	122	20.5	28	24	85	100	60	39	176	1745	4	33	21	-	19	0	19	0		
Pedro Murias	14.3	17.7	21.7	29	11.1	4.0	1	60	11.1	21	-39	81	91	69	41	185	1731	8	53	28	1010	16	0	16	0		
Penedo do Galo	11.1	14.6	21.5	4	8.7	5.0	1	86	15.8	9	-	87	99	66	36	161	1598	-	-	--	-	17	0	17	0		
Pol	11.4	16.8	26.4	20	7.5	1.5	1	97	17.4	12	-	82	99	55	42	189	1754	-	-	--	940	19	0	19	0		
Portomarín	12.9	19.4	28.5	20	7.6	-1.1	1	116	21.2	6	-	83	100	55	38	172	1743	-	-	--	963	16	1	16	1		
Sambreixo	12.0	17.9	28.1	4	6.9	-0.3	1	94	13.5	6	-	80	96	54	39	175	1691	-	-	--	-	19	1	19	1		
*San Clodio	14.7	21.5	30.9	4	9.2	0.8	1	131	29.2	12	-	78	99	49	-	-	-	4	38	7	985	19	0	19	0		
*San Fiz	13.7	19.2	29.1	4	9.1	1.5	1	98	15.3	28	-11	79	97	54	36	163	1778	6	56	8	969	15	0	15	0		
Ventosa	10.8	16.3	26.4	4	6.3	-1.6	1	142	21.2	6	41	78	96	54	41	182	1765	10	63	21	911	19	1	19	1		
*Vilamor	13.9	18.9	23.7	27	9.5	0.9	1	67	11.0	21	-32	77	91	55	35	159	1661	4	47	8	-	15	0	15	0		
*Xabrega	13.9	20.7	29.9	4	8.9	0.8	1	136	20.3	12	33	75	93	48	35	156	1666	5	49	7	977	19	0	19	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 5

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Choiva	Xeada
Ourense																											
A Mezquita	10.8	15.8	24.0	20	6.0	-1.2	1	180	34.4	6	74	76	92	56	44	198	1867	12	64	10	900	17	1				
*A Portela	14.6	21.1	30.5	4	9.1	2.0	1	123	23.4	6	7	75	99	46	42	190	1786	5	41	21	-	17	0				
*A Trabe	12.4	17.1	24.5	20	8.1	2.5	1	198	32.5	6	--	74	89	57	41	181	1873	5	38	5	926	19	0				
Alto do Rodicio	10.5	14.8	24.1	20	6.8	0.4	1	162	28.4	6	76	82	96	63	38	171	1564	13	91	7	904	19	0				
Amiudal	12.8	18.2	28.5	4	8.5	2.2	1	153	23.9	28	--	77	93	55	41	184	1765	10	61	10	951	17	0				
As Petarelas	13.4	19.8	29.6	4	7.9	1.1	1	100	16.4	12	-	71	91	44	45	203	1966	-	-	--	-	15	0				
Baltar	11.6	17.7	26.6	20	5.3	-2.1	1	175	43.0	7	70	79	99	51	46	204	1882	10	53	7	923	19	2				
Cabeza de Manzaneda	5.7	8.7	17.3	4	2.6	-1.1	11	238	59.2	7	164	82	95	65	36	159	1637	22	104	5	823	17	5				
*Calvos	10.4	16.1	26.5	4	4.3	-3.4	1	141	20.3	28	47	81	98	57	41	182	1761	8	54	8	-	17	4				
Casaio	9.7	13.5	22.0	4	6.1	1.3	1	100	15.6	6	--	71	90	50	-	-	-	7	63	21	-	19	0				
*Corzos	9.2	14.5	22.9	4	4.4	-1.9	1	126	22.3	8	-	79	94	58	-	-	-	9	53	7	-	17	1				
Entrimo	12.3	17.2	27.5	4	7.9	4.7	1	203	32.7	28	-	79	94	59	38	168	1633	-	-	--	-	18	0				
*EVEGA Leiro	15.3	23.4	35.0	4	8.7	0.6	1	135	23.8	12	-	77	96	47	-	-	-	2	36	10	1002	18	0				
Gandarela	13.0	19.0	28.8	4	8.5	1.6	1	97	14.5	28	-4	79	95	55	39	176	1635	8	57	10	943	18	0				
Lardeira	7.1	10.8	19.4	4	3.8	-0.3	12	114	20.9	6	--	80	94	59	39	174	1875	19	98	7	837	19	2				
*Larouco	13.7	19.5	28.2	4	8.6	1.2	1	101	21.2	28	-	69	89	46	-	-	-	4	39	8	955	15	0				
Laza	13.1	19.0	27.9	20	7.6	0.2	1	170	27.4	6	64	75	96	51	41	183	1731	7	53	27	-	17	0				
Monte Medo	12.8	18.1	27.5	4	7.6	-0.1	1	129	27.8	6	-	76	96	53	42	186	1780	-	-	--	-	18	1				
O Invernadeiro	10.4	15.8	24.8	20	5.0	-1.8	1	237	48.8	6	54	78	95	58	40	178	1600	10	67	7	899	18	1				
Ourense	15.4	22.6	33.6	4	9.4	1.6	1	104	17.6	12	-	69	92	40	-	-	-	-	-	--	-	17	0				
Ourense-Estacións	16.1	23.0	33.9	4	10.5	3.6	1	101	17.9	28	-17	71	93	43	40	180	1753	4	42	10	1000	17	0				
*Pazo de Fontefiz	14.0	19.4	28.9	4	9.4	3.7	1	129	26.5	6	27	72	89	49	33	148	1564	5	92	14	968	17	0				
*Ponte Boga	13.6	19.7	29.9	4	8.6	0.9	1	110	20.9	28	-25	68	88	43	37	166	1714	5	50	7	960	17	0				
*Prado	15.1	22.0	32.5	4	9.5	2.0	1	119	26.6	28	-	76	94	49	-	-	-	3	31	21	1000	17	0				
Remuíño	15.1	23.6	34.7	4	9.0	1.7	1	116	27.3	28	--	80	98	49	37	164	1674	4	36	30	-	16	0				
*Riós	11.9	17.3	25.8	20	7.0	0.8	1	156	33.9	6	53	79	96	58	36	160	1746	5	36	8	-	16	0				
San Xoán de Río	10.2	15.1	25.0	4	6.1	0.8	1	132	21.5	12	--	83	97	61	39	172	1628	14	66	7	899	18	0				
Serra do Eixe	9.5	13.9	22.8	4	5.5	0.1	1	153	32.3	6	49	78	94	55	44	195	1851	16	80	8	877	18	0				
Verín-Vilamaior	13.8	19.9	29.2	20	8.4	2.0	1	169	25.0	9	61	74	94	51	42	189	1712	7	52	7	952	16	0				
Verín-Vilela	13.8	20.4	29.4	20	7.1	-0.9	1	143	23.2	9	32	78	98	52	44	196	1818	6	45	18	-	17	1				
Viana do Bolo	11.7	17.0	24.8	20	6.7	0.3	1	126	20.4	6	25	78	96	56	43	192	1729	10	62	9	918	16	0				
Xares	6.1	9.7	19.1	4	2.6	-1.6	11	137	19.4	8	--	82	95	64	39	173	1740	--	--	--	822	19	7				
*Xinzo	12.6	18.2	26.9	20	7.2	-0.5	1	115	21.4	6	12	81	99	59	41	182	1770	6	46	7	-	18	1				
Xurés	10.6	15.0	24.8	4	6.9	2.4	1	190	32.7	7	80	77	93	57	47	210	1941	15	71	9	896	18	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

